

# BASES DO XXIX CERTAME FRANCISCO AÑÓN DE POESÍA

**PRIMEIRA:** O obxecto do Certame é a promoción dos valores creativos e literarios en lingua galega, á vez que se homenaxea ao noso poeta Añón. O financiamento dos premios previstos nas presentes bases farase con cargo ás seguintes partidas orzamentarias e polos importes máximos que se indican: Partida 334.48000 para os premios en metálico, cunha contía máxima de 1.980 €. Partida 334.2201 para os premios en especie, cunha contía máxima de 780 €."

**SEGUNDA:** Poderán participar tódalas persoas interesadas, de calquera nacionalidade, que presenten os orixinais escritos en lingua galega. Os textos deberán ser inéditos e non premiados noutros concursos.

**TERCEIRA:** Os premios terán a consideración de premio-subvención (Disposición Adicional 10ª da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións), e outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención e o seu Regulamento.

**CUARTA:** Os traballos entregaranse en sobre pechado, ben en papel orixinal e cinco copias, CD-Rom ou ben nunha memoria USB (pen drive) en formato PDF ou DOC, DOCX, ODT, co epígrafe "XXIX Certame Francisco Añón de Poesía". Dentro deste sobre achegarase á súa vez un sobre pequeno -plica-, tamén pechado, no que figure o título da obra, a categoría na que participa e o lema ou pseudónimo do autor; e no seu interior recolleranse os datos persoais (nome, DNI, idade coa data de nacemento, enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico, centro de estudos, título da obra e lema ou pseudónimo, así como unha declaración xurada sobre a súa autoría e orixinalidade). No caso de centros de estudo, poderá achegarse unha certificación expedida pola secretaria do colexio ou IES acreditando a data de nacemento do alumnado, no canto de presentalo individualmente. Estes traballos recolleranse na Casa da Cultura, Avda. de San Campio, 1 - 15230, Outes (A Coruña). Tamén poden enviarse por correo ao devandito enderezo.

**QUINTA:** O prazo de presentación rematará o luns 31 de marzo de 2025 inclusive. Comenzando a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

**SEXTA:** Aqueles orixinais non premiados serán devoltos nun prazo de tres meses, previa solicitude por escrito. As devolucións efectuaranse aos propios autores/as ou persoa en quen deleguen aqueles (debidamente acreditada e coa correspondente autorización asinada), nas dependencias da Casa da Cultura de Outes. O Concello de Outes non se fará cargo dos custos de devolución. Transcorrido o dito prazo, os poemarios serán destruídos.

**SÉTIMA:** Establécense as seguintes categorías e premios por idades:

**Categoría A: Nenos/as de 6 a 7 anos. Premios:**

1º Clasificado: Vale de 150 € en libros e publicación da obra galardoada.  
Accésit: Publicación da obra.

**Categoría B: Nenos/as de 8 a 9 anos. Premios:**

1º Clasificado: Vale de 180 € en libros e publicación da obra galardoada.  
Accésit: Publicación da obra.

**Categoría C: Nenos/as de 10 a 11 anos. Premios:**

1º Clasificado: Vale de 210 € en libros e publicación da obra galardoada.  
Accésit: Publicación da obra.

**Categoría D: Nenos/as de 12 a 14 anos. Premios:**

1º Clasificado: Vale de 240 € en libros e publicación da obra galardoada.  
Accésit: Publicación da obra.

**Categoría E: Nenos/as de 15 a 17 anos. Premios:**

1º Clasificado: Transferencia bancaria por valor de 480 € e publicación da obra galardoada.  
Accésit: Publicación da obra.

**Categoría F: Maiores de 18 anos. Premios:**

1º Clasificado: Transferencia bancaria por valor de 1500 € e publicación da obra galardoada.  
Accésit: Publicación da obra.

\*O importe dos premios estará suxeito á lexislación fiscal vixente.

**OITAVA:** Para a categoría E, as obras terán unha extensión mínima de 150 versos.

**NOVENA:** Para a categoría F, as obras terán unha extensión mínima de 200 versos.

**DÉCIMA:** Farase unha edición compilatoria na que recollerán os textos galardoados en cadansúa categoría.

**UNDÉCIMA:** Establécese un período determinado de seis meses dende o 17 de maio ao 17 de novembro, para a comunicación das listaxes das trocas de libros correspondentes a cadansúa categoría.

**DUODÉCIMA:** Realizarase unha edición exclusiva co poemario galardoado co primeiro premio da categoría de maiores de 18 anos.

**DÉCIMO TERCEIRA:** O xurado, que se dará a coñecer oportunamente, será nomeado polo Concello de Outes e estará formado por cinco membros de carácter técnico, e relacionados co mundo da escrita e/ou docencia, para garantir a transparencia e obxectividade das propostas. O día 17 de maio de 2025, dentro dos actos conmemorativos do Día das Letras, farase pública a decisión do xurado nun acto no que, ademais da entrega dos premios, se celebrará a presentación dos libros correspondentes ao XXVIII Certame Francisco Añón de Poesía, 2024 (compilatorio), así como da separata do libro gañador da categoría (F), "O conto da leiteira" de Vicente Vázquez Vidal, publicado a través da editora Caldeirón.

**DÉCIMO CUARTA:** Oñotificarase o acordo do outorgamento dos premios mediante Acordo da Xunta de Goberno Local ás persoas premiadas mediante o réxime previsto nos artigos 40 a 46 da Lei 39/2025, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Contra a resolución de concesión dos premios ditada pola Xunta de Goberno Local, que pon fin á vía administrativa, procede a interposición de Recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía da Corporación, ou ben a interposición directa de recurso contencioso-administrativo, consonte ao sinalado nos artigos 123 da Lei 39/2015.

**DÉCIMO QUINTA:** A participación neste certame implica a aceptación das anteriores bases.



**Concello  
de Outes**